

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN **PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA**

DENOMINACIÓN DO EXPEDIENTE:

Concesión de obra: “Construción e explotación dun establecemento de cafetería situado no ámbito PS-5 do Plan Sectorial de ordenación do Campus Científico Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA en Vigo”

CLAVE: *CONC250101*

ANTECEDENTES:

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. instruíu e examinou o expediente para a contratación da concesión de obra de referencia.

No expediente constan os documentos esixidos no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).

O expediente tramítase por procedemento aberto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 317 da LCSP regula a preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada polos poderese adxudicadores que non teñan a condición de Administracións Públicas .
2. O artigo 116 da LCSP regula o contido que debe ter o expediente de contratación.
3. O artigo 122 e 124 da LCSP recolle a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e dos pregos de prescricións técnicas.
4. Segundo o artigo 117 da LCSP, completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.
5. O Consello de Administración da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA ten a competencia para aprobar os pregos e o expediente de contratación de acordo co artigo 11 dos seus Estatutos.



De acordo con todo o indicado o Consello de Administración na súa reunión do 11 de decembro de 2025, **resolveu** aprobar o prego, o expediente de contratación e o inicio da licitación da concesión de obra por procedemento aberto.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

María Deza Martínez
Presidentda de SPI-Galicia

